

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL
E MARIÑO

15169 Orde ARM/2552/2011, do 21 de setembro, de corrección de erros da Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.

Advertidos erros no texto da Orde ARM/3368/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, inserida no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega, número 317, do 30 de decembro de 2010, procédese a emendalos mediante a oportuna rectificación:

Todos os nomes botánicos das plantas e os nomes científicos doutros organismos que se mencionan no citado regulamento teñen que indicarse en letra cursiva.

Na páxina 1, hai que engadir despois do terceiro parágrafo do preámbulo o seguinte:

«As características das sementes de cereais descritas no regulamento serán tidas en conta e serán aplicables ás importacións de sementes de países terceiros ou á comercialización dos procedentes do Espazo Europeo en aplicación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986.»

Na páxina 11, na primeira parte do cadro do anexo 2 Requisitos das sementes, onde se indica para o alpiste:

«ANEXO 2

Requisitos das sementes

Especie e categoría	Xerminación (mínimo) Porcentaxe	Pureza específica (mínimo) Porcentaxe	Pureza varietal (mínimo) Porcentaxe	Sementes doutros especies (máximo)	Sementes doutros cereais (máximo)	Sementes doutros especies non cereais (máximo)
	1	2	3	4	5	6
(...)						
Alpiste:						
Semente de prebase (*) e de base	75	98	–	4	1	3
Semente certificada	75	98	–	10	5	7
(...)						

Debe indicar:

«ANEXO 2

Requisitos das sementes

Especie e categoría	Xerminación (mínimo) Porcentaxe	Pureza específica (mínimo) Porcentaxe	Pureza varietal (mínimo) Porcentaxe	Sementes doutras especies (máximo)	Sementes doutras cereais (máximo)	Sementes doutras especies non cereais (máximo)
	1	2	3	4	5	6
(...)						
Alpiste:						
Semente de prebase (*) e de base.....	75	98	–	4	1	–
Semente certificada	75	98	–	10	5	–
(...)»						

Madrid, 21 de setembro de 2011.–A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.